

**Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís  
Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane**

**Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, de Isaac Díaz Pardo, a  
Luís Seoane do 17/04/1972**

**Colección:**

**Data:** 17/04/1972

**De:**

Isaac Díaz Pardo; Francisco Fernández del Riego;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Temáticas:**

Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. ; Artes; Día das Letras Galegas; Espazos artísticos; Exposición del libro gallego en Barcelona. 1972; Galería Sargadelos de Barcelona; Literatura;

**Mencionados:**

Maruxa Seoane;

**Notas do editor:**

---

**Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, de Isaac Díaz  
Pardo, a Luís Seoane do 17/04/1972**

Vigo, 17 de abril de 1972

Sr. Don Luis Seoane  
Buenos Aires

Querido Luis:

Escríbote a carón de Paco Del Riego na mesa da Fundación Penzol.  
Boeno. A sala de Barcelona abrírase cunha mostra do libro galego traida dende o  
medioevo deica hoxe. Gracias, naturalmente, a que Paco tomou a cousa coma súa.

Paco queda de director de orquest[ra] pra orgaizar tal lero. Ademite todas cantas suxerencias se lle fagan pro il é moi dono de aceptalas ou non. Eu e os demais faremos tódolo posible por cumprir as súas instrucións. Súa colaboración vai a ser tal que non abandonará a cousa deica deixala presentada na mesma Barcelona.

Non perdemos un intre pra te poñer isto no teu coñecemento e pra te pedir que fagas ti a tapa do catálogo e aportes calisquer outra suxerencia pra il. Tamén pra que fagas un cartel. Coma a sala inaugurárase o día das Letras Galegas, 17 de maio, neste Ano Internacional do Libro, o texto dirá:

Día das Letras Galegas, 17 de maio de 1972.

L<sup>a</sup> MOSTRA DO LIBRO GALEGO EN CATALUÑA

do 17 de maio ao 17 de xuño

horas .....

Galería Sargadelos

Provenza, 274

Barcelona

O demais cho vai a decir Paco.

Confírmote varias miñas. Unha aperta tensa pra entramos

[Díaz Pardo]

Querido Luís:

Como che dí Isaac, encargueime de orgaizar, por discipriña galega, a Mostra do Libro galego en Barcelona. Presumo por adiantado a túa colaboración. Fora do Catálogo e do cartel, terás tamén que aportar suxerencias de todo tipo. Ti tes a experiencia doutras mostras que orgaizache en Buenos Aires. Compre que, partindo desta experiencia, me fagas saber coa urxencia posible todo canto se che ocurra. Tanto no que respeita á escolma de libros, coma no orde de orgaización e publicidade da Mostra. Penso que se trata dunha cousa de grande importancia cultural pra Galicia. Compre, por iso, xa que non estás presente aquí, que me digas todo o que se che ocurra sobre do particular. A túa colaboración, inda dende lonxe, é imprescindible.

¿Paréceche ben que os catálogos e os cartéis se fagan en galego samente, ou tamén en castelán i en catalán? Agardamos a túa resposta.

Unha cordial aperta pra Maruxa e pra ti, de

[Fernández del Riego]

---

Colabora



---

Agradecimientos

**Familia Isaac Díaz Pardo**

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.